

A “Escuela Americana” do Val Miñor: modernización e reforma pedagóxica na Galicia do primeiro tercio do s. XX*

Xosé M. Malheiro Gutiérrez
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: O presente traballo aborda a traxectoria da Unión Hispano Americana Valle Miñor, unha das máis significativas sociedades de instrucción fundadas por emigrantes galegos na Arxentina, a comezos do pasado século XX. E faino desde una doble perspectiva: por un lado, a vida societaria desde os seus comezos, no ano 1905; e por outro, a rellación escolar desenvolvida en Galicia, a través do colexio fundado na Ramallosa.

ABSTRACT: This article examines the trajectory of the Unión Hispano Americana Valle Miñor, one of the most important educational societies founded by Galician emigrants in Argentina at the beginning of the 20th century. This subject is dealt with from two perspectives. On the one hand there is a discussion of the life of the society since its establishment in 1905, and on the other, its educational activities in Galicia, through the school founded in A Ramallosa.

Os inicios remóntanse ao ano 1905. Nesa data reuníronse en Bos Aires Manuel e Eduardo Lemos, xunto con Francisco Cano Rivas e Juan N. Álvarez, miñoranos acomodados que gozaban de certo prestixio entre a colonia, a fin de constituir un grupo que agrupara aos residentes do Val Miñor na Área do Prata, e que acabou por ser unha das más activas entidades na promoción da educación e a cultura no concello de orixe. O día cinco de xaneiro constitúense formalmente como a *Asociación Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor*, establecendo a súa sede na rúa Maipú, 17. O seguinte parágrafo, extraído duna nota informativa do semanario *Correo de Galicia* de Bos Aires, algúns anos despois, expresa de xeito elocuente os rasgos básicos do seu ideario:

Fundar en España escuelas; montarlas sobre las reglas y preceptos de la moderna pedagogía; suministrarles el utilaje técnico necesario, colocándolos a la misma altura que los establecimientos mejores de educación; ajustar el plan de estudios al concepto más amplio y racional; identificar la salud del espíritu con la salud del cuerpo, haciendo honor al clásico y sabio aforismo; y realizar esta obra magnánima con el aporte de todos los que viven en este país de excepcional y generosa amplitud; el óbolo del rico y el del modesto paria que lucha encarnizado por la vida... ¿no es enunciarlo así, someramente, rendir un homenaje a los compatriotas que han logrado salvar los obstáculos, sortear los reveses y aunar voluntades para que la magnífica iniciativa fuera realidad?¹.

¹“Una institución ejemplar. La obra de la Unión H. A. Valle Miñor”. *Correo de Galicia*. Buenos Aires, nº 682, 4 de maio de 1919, p. 1.

A partir dese momento puxéronse a traballar para recabar os fondos necesarios mediante cotas de socios, subscricións, colectas, doazóns, organización de actividades recreativas... e instaurar no Val Miñor unha escola especial onde poideran instruirse os rapaces que un día, seguramente, o destino levaría polo mundo, "y es seguro que cuando el emigrante salido de esas aulas llegue a la tierra americana, tendrá siempre un recuerdo amoroso para este rincón, recuerdo que mantendrá siempre presente ante su espíritu"².

Pero non debía circunscribirse só a Bos Aires, por iso continuou expandíndose por outras áreas dentro do país _Mendoza e Bahía Blanca_ e tamén no exterior, como Montevideo, Matanzas, e Vigo, acabando tamén por formarse subcomisións parroquiais na propia capital³.

Ao finalizar o ano 1906 xa se dispoña dun capital que rondaba os 10.000 pesos moeda arxentina⁴, o que proporcionaba certa solvencia para ir concretando aquel proxecto inicial: nomear unha subcomisión en Gondomar, recabar apoios oficiais... Todo foi chegando, até que na primavera de 1909, a escola pode abrir as súas portas nun local alugado, logo de superar innumerables dificultades. A "Escuela Hispano-Americana", como así foi bautizada inicialmente, inaugurouse cunha matrícula de 180 nenos varóns, atendidos por un equipo de mestres baixo a dirección de Eladio Ferreiro Otero, "un maestro joven, simpático, lleno de energías e iniciativas, y que pone de su parte el mayor esfuerzo para dar cumplimiento fiel a sus deberes"⁵, afirmaba Eleodoro Suárez, membro do Consello rector. Este, integrado por "personas de arraigo, ilustradas y animadas de la mejor buena voluntad"⁶, era o que corría coa administración do complexo escolar.

A escola ponse en marcha cun plan metódico de organización inspirado no modelo arxentino do Consello Nacional de Educación, seguindo as oportunas indicacións do pedagogo institucionista Ignacio Ares de Parga. O seu programa de instrucción primaria foise completando, pasenxo, con ensinanzas profesionais axeitadas á demanda migratoria, como comercio, física e química con aplicación á industria e á agricultura, xeografía de España e da República Arxentina. Un completo programa de ensino "con el que los jóvenes ya podrían ir por el mundo del progreso y de la civilización, seguros de poder luchar por la vida con decencia", como indicaban as palabras pronunciadas polo presidente do Consello de Administración no acto de inauguración do Centro. Ese programa, tal e como o foi conformando Eladio Ferreiro, respondía ás orientacións dunha pedagogía renovadora, que fá desde a realización de excursións escolares e saídas ao medio, ata a celebración de clases nocturnas de adultos, pasando pola organización dunha extraordinaria biblioteca, a adquisición de valioso material pedagógico distribuído en diferentes gabinetes, a implantación dunha cociña económica, unha caixa de Aforros escolar ou a organización do batallón escolar, moi ao estilo das escolas arxentinas.

² UH-AMV. *Boletín* nº 3, decembro de 1909, p. 4.

³ UH-AMV. *Boletín* nº 97, outubro de 1917, p. 6.

⁴ "Una institución ejemplar. La obra de la Unión H. A. Valle Miñor". *Correo de Galicia*. Buenos Aires, nº 682, 4 de maio de 1919, p. 1.

⁵ "El informe del Dr. Eleodoro Suárez". *Boletín* nº 57, xuño de 1914, p. 5.

⁶ "Consejo de Administración en el Valle". *Boletín* nº 4, xaneiro de 1910, p. 5.

En 1911, na Asemblea Extraordinaria que se celebra no local da sociedade na rúa Rivadavia 2341, presidida por Manuel Lemos, tómanse dous acordos importantes: o primeiro, ampliar o radio de acción da sociedade a toda Galicia, “no debiendo afectarse en ningún caso los fondos sociales para la implantación de nuevas escuelas”; e o segundo, malia a ampliación do seu ámbito xeográfico, preservar o nome inicial da agrupación “suprimiéndose únicamente de su título la palabra ‘pro’ siendo voluntad de esta Asamblea que, como un justo homenaxe a los fundadores de esta institución, no pueda nunca borrar-se de su título la palabra ‘Valle Miñor’”⁷.

A *Unión Hispano-Americana Valle Miñor* (en diante UHAMV) expándezase ao tempo que o fai a matrícula do Centro. A necesidade dunha nova instalación comeza a facerse acuciante en 1912. Eladio Ferreiro quéixase á Comisión Directiva das dificultades que acarrea a falta de espacio, “siendo dos las aulas del edificio, desarrollándose las clases de dos grados, en cada una de ellas, lo que entorpece grandemente la práctica del programa escolar en todas sus secciones”⁸. Inconvenientes que habían desaparecer “con la construcción del nuevo edificio en el que deberán establecerse hasta 8 aulas para otras tantas clases”⁹. Na mente de Ferreiro xa ía tomando forma un novo proxecto que albergara “una escuela Modelo de enseñanza, con secciones de oficios varios, agricultura y de comercio”¹⁰. E non tardaría en poñerse en marcha.

A UHAMV vaise consolidando entre a colectividade galaico-porteña e, ao tempo, multiplica os seus recursos económicos. Ademais, grazas a un atinado labor de promoción na prensa galega da época, a obra filantrópica comeza a gozar do recoñecemento de destacadas figuras do panorama social e político, así como das instancias oficiais de ambos países. Encabeza esa nutrida nómina o pedagogo republicano Ignacio Ares de Parga, que formou parte da Comisión Directiva, dirixiu o seu *Boletín* entre 1911 e 1915, e tutelou o proxecto pedagógico desde os seus inicios. O seu amigo e tamén institucionista Rafael Altamira, pedagogo sensibilizado coa temática americanista e en especial coa instrucción dos emigrantes peninsulares, estableceu contactos co director Eladio Ferreiro¹¹ a fin de recabar información sobre a escola de Nigrán. Ou Gumersindo Busto, creador da Biblioteca América da Universidade de Santiago, que formaba parte da Comisión Directiva e era, ao tempo, un activo protector da biblioteca escolar. Como tamén o eran “el ilustre senador D. Rafael María de Labra, que ya tiene hecha importante donación de obras, con destino a la citada biblioteca, ofrece en atenta carta recientemente recibida, el envío de nueva remesa de libros”¹²; ou o presidente do Consello Nacional de Educación arxentino en 1910, J. M. Ramos Mejía¹³ que, entre outras obras, envía como agasallo unha colección da revista pedagógica *El Monitor de la Educación Común* editada polo Consello.

⁷ UH-AVM. “Acta nº 51”. *Boletín* nº 26, novembro de 1911, p. 2.

⁸ FERREIRO, E.: “De la escuela Val Miñor. Extracto de la memoria elevada por el Director de la Escuela don Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 29, febreiro de 1912, p. 6.

⁹ *Ibidem*.

¹⁰ UH-AVM. “Memoria a leerse en la VII Asamblea Ordinaria del 8 de Octubre de 1911”. *Boletín* nº 25, outubro de 1911, p. 4.

¹¹ UH-AVM. *Boletín* nº 12, setembro de 1910, p. 3.

¹² “Notas de la escuela”. *Boletín* nº 95, agosto de 1917, p. 6.

¹³ UH-AVM. *Boletín* nº 4, xaneiro de 1910, p. 14-15.

Outras figuras destacadas pola súa relevancia institucional foron, por exemplo, o político liberal Ángel Urzáiz, que durante doce anos presidiu a comisión de avaliación dos exames da escola de Nigrán; tamén a Infanta Isabel, que xa tiña realizado diversas doazóns ao centro cando aceita ser madriña na inauguración do novo edificio¹⁴; o seu pai, Alfonso XIII, que ademais de asinar un Decreto protexendo o Campo de Experimentación Agrícola anexo á escola, concedeu en 1916 un premio aos alumnos de ampliación na materia de Ciencias Físico-Naturais¹⁵. Xunto a estes, ademais dos que fixeron anónimas doazóns, figuraron tamén “los Excmos. Sres. Conde de Bugallal, Cónsul de la República Argentina en Vigo, López Mora, y se tiene noticias de otros no menos importantes”¹⁶, como a Condesa de Pardo Bazán, o Arcebispo de Montevideo¹⁷ Dr. J. González Pagliere, que envía a suma de 484 pesos en 1910¹⁸ ou a artista Sofía Casanova, madriña do grupo de exploradores, que contribuiu en 1919 cun donativo de 25 pta. para un explorador sen recursos¹⁹.

En 1920, a escola foi declarada de carácter “Benéfico-docente” por Real Orde do 20 de Agosto, por ser o seu fin principal “difundir la enseñanza y educación popular en sus grados elemental y secundario; el difundir por todos los medios el amor a la Patria y al propio tiempo despertar en los alumnos la afección a la R. Argentina y Uruguay y otras Repúblicas Sud-Americanas”²⁰. E ao apoio particular hai que sumar ás subvencións dos concellos de Nigrán, con 100 pesetas anuais; e Gondomar e Baiona, con 125, que habían de incrementarse paulatinamente; e diversos donativos, como o efectuado polo Banco de Galicia en 1911 por valor de 794,25 pta.²¹.

Pero volvendo ao proxecto que imaxinaba Ferreiro, a UH-AVM inaugura en 1915 un edificio de nova planta construído en Baludio, punto equidistante dos lugares poboados que integran o territorio do val. A partir dese momento, os promotores do centro -que desde febreiro de 1912 pasara a denominarse, “Escuela Americana”²²- realizan continuos e abundantes investimentos para atender as diferentes necesidades dos cativos, xa non só no plano didáctico, senón tamén no inmediatamente asistencial: a nutrida nómina de socios -que en 1923 chega aos dous mil leiros- afronta os gastos relacionados coas necesidades de manutención, roupa e calzado dos nenos más humildes, para os que tamén se establece un pequeno comedor.

No eido dotacional, sobrancea o seu extraordinario equipamento pedagóxico e científico: aparatos e instrumental de física e química, gabinete e museo de historia natural,

¹⁴ UH-AVM. “La Infanta Isabel”. *Boletín* nº 60, setembro de 1914, p. 14.

¹⁵ S. M. El Rey D. Alfonso XIII, concede un Premio a los alumnos de ampliación”. *Boletín* nº 84, setembro de 1916, p. 84, p. 5.

¹⁶ *Ibidem*.

¹⁷ “Sociedad Pro-Valle Miñor”. *Nova Galicia*, nº 229, 6 de agosto de 1908, p. 1.

¹⁸ UH-AVM. *Boletín* nº 5, febreiro de 1910, p. 4.

¹⁹ UH-AVM. *Boletín* nº 122, novembro de 1919, p. 1.

²⁰ “S. M. El Rey de España ha declarado por Real Orden del 20 de Agosto, “Benéfico-docente” las Escuelas de la UH-AVM”. *Boletín* nº 133, outubro de 1920, pp. 10-11.

²¹ UH-AVM. *Boletín* nº 21, xuño de 1911, p. 4.

²² Por acordo da Comisión Directiva adoptado en Asemblea. Ver: UH-AVM. *Boletín* nº 30, marzo de 1912, p. 15. outras ocasións aparece coa denominación “Escuelas Americanas” ou “Escuelas Argentinas”.

máquina de proxección, imprenta para o obradoiro iniciado en 1921, instrumental para o obradoiro de zapatería, para o grupo de exploradores, para o campo de experimentación agrícola, para os obradoiros de fotografía e mecanografía e mesmo para os exercicios ximnásticos ou a instalación de obradoiros electromecánicos, “construidos, montados y sostenidos por la comisión uruguaya que tan entusiasta y eficazmente secunda la tarea de dicha institución”²³. A biblioteca do Centro chega aos 5.000 volumes en 1928. Moitos son mercados en Galicia, pero a meirande parte chegan de Bos Aires, froito de innumerables doazóns.

Ao remate do curso 1917-1918, contaba cunha matrícula de 400 rapaces dos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar²⁴. Convén, nese momento, acortar distancias entre o centro e os puntos más alonxados do Val para permitir o rápido acceso dos escolares e dar acubillo ao alumnado feminino, polo que acaban mercando un autobús que todas as mañás recolle aos alumnos provenientes dos lugares más apartados. Era esta unha necesidade sentida, como tamén a escolarización feminina, que se expresa de xeito elocuente co seguinte dato: a escola de nenas que ao final se acaba creando -no edificio onde a entidade establecería a escola inicial- a comezos de 1919 inaugúrase cunha matrícula de 200 alumnas. “La falta de cultura y de instrucción significa inconsciencia, y la inconsciencia es campo propicio para el desarrollo del microbio de la inmoralidad social, política y administrativa”²⁵, proclama o directivo Manuel Losada no seu discurso de inauguración.

Pola súa parte, o director Eladio Ferreiro, seguindo as indicacións de Ignacio Ares de Parga defendía a necesidade de promover “una escuela moderna, esencialmente educativa, donde se desenvuelvan las fuerzas físicas, intelectuales y morales del individuo, por medio de procedimientos racionales, prácticos e intuitivos”. Baixo ese criterio, a Escola Americana desenvolvía un plan de estudos inspirado nos programas arxentinos que, segundo Ferreiro, “revelan ser el resultado de una excelente labor pedagógica, satisfaciendo a mi juicio todas las exigencias de la nueva escuela”.

Deste xeito, o proxecto pedagóxico dos miñoranos aparece como un instrumento de rexeneración e de modernización social; un centro de instrucción popular e de iniciación profesional a unha serie de oficios e de técnicas comerciais. Unha oportunidade de acceso á formación e a cultura para os que quedaban en Galicia, pero especialmente pensada para os que decidían inclinarse pola alternativa migratoria. Desde alí os propios alumnos, xa asentados na Arxentina ou no Uruguai, seguen a manter contacto coa Institución matriz -malia recibir queixas, en ocasións, de que moitos deles viven desvinculados da entidade, interpretando o desinterese como un rasgo de ingratitud e desagradecemento-, encargada de procurarles protección e facilitarlles traballo ou, incluso, axudando a organizarse creando senllas delegacións de ex alumnos en Bos Aires (1919) e Montevideo (1923), e outra similar en Nigrán, constituída o 7 de xuño de 1920²⁶.

²³ “Unión H. A. Valle Miñor. La comisión uruguaya”. *Correo de Galicia*. Buenos Aires, nº 683, 11 de maio de 1919, p. 1. O número 803 dese semanario recolle nunha nota, entre outras, a noticia de que “la Comisión de ex-alumnos organizó una suscripción para comprar una máquina de coser y regalársela a la escuela de niñas”.

²⁴ “U.H.A. Valle Miñor”. *Boletín* nº 105, xuño de 1918, p. 2.

²⁵ “Unión H. A. Valle Miñor. Ecos de la inauguración de la escuela de niñas”. *Correo de Galicia*. Buenos Aires, nº 684, 18 de maio de 1919, p. 2.

²⁶ “Asociación de ex alumnos en España”. *Boletín* nº 129, xuño de 1920, p. 5.

A propia sociedade edita unha publicación mensual, o *Boletín de la Unión Hispano-Americana Valle Miñor*. Os informes e memorias que Eladio Ferreiro e mesmo os alumnos publican nas súas páxinas, achegan información valiosa sobre o proxecto pedagógico e a súa organización escolar: programa de estudos, ideario, actividades ou nivel de implantación na vida do Val, ademais de numerosos traballos de temática diversa.

Sen embargo, malia o nivel de desenvolvemento acadado, a entidade miñorana, e en consecuencia a Escola Americana, experimentou un certo declive mediada a década dos vinte, que se prolonga xa ata o seu final, en 1936. Este ten que ver, fundamentalmente, coa destitución de Eladio Ferreiro como director, coa deficiente xestión do Consello de Administración escolar, coa implantación, durante a Segunda República, de novas escolas públicas en diferentes puntos do Val, e tamén coas dificultades económicas provocadas pola coxuntura bélica internacional, que acompañará á entidade ata a Guerra Civil.

Con respecto ao primeiro aspecto, un factor que con toda probabilidade marcou o punto de inflexión foi o conflicto con Eladio Ferreiro. Isto provocou un gran malestar entre a comunidade miñorana, que acabou xulgando inxusta a decisión por parte da Xunta directiva arxentina. O semanario *Correo de Galicia* publicaba o 6 de abril de 1924 unha carta asinada por unha comisión de veciños do Val Miñor indicando, entre outras cousas:

Con motivo de la injustificada exoneración del director de escuelas que en el Valle sostiene la institución cuyo nombre encabeza estas líneas, cargo que desempeñaba desde la fundación de las mismas (en 1909) con general aplauso, se produjo entre todos los miñoranos un movimiento de indignación y de protesta que cristalizó en varias instancias dirigidas a la Comisión Directiva, suscritas por los socios de la institución, padres de familia, asociación de maestros nacionales del partido y asociación de ex-alumnos.²⁷

Desde Bos Aires xustifican a medida co pretexto de que o veterano director se tiña extralimitado nas funcions encomendadas, utilizando aos alumnos para promover diversas reivindicacións persoais e inxuriar á Comisión Directiva a través das crónicas escolares -que obviamente aparecen censuradas- criticando algunha das súas actuacións. Ferreiro Otero foi substituído por Enrique Valverde.

Ademais desta cuestión, coa que finalizou unha etapa, existen outros motivos. O elevado custo das escolas e as dificultades económicas derivadas da devaluación do peso arxentino impoñen o cobro dunha matrícula simbólica -“20 pta. para alumnos de medianos recursos, y 30 para pudientes”²⁸- que provoca un certo malestar entre os pais²⁹. Pola súa parte, os afiliados responden sinalando o absentismo escolar, ou o escaso interese dos

²⁷ *Correo de Galicia*, 6 de abril de 1924, p. 6.

²⁸ UH-AVM: “manifiesto al pueblo del Valle Miñor”. *Boletín* nº 160, xaneiro de 1923, p. 7.

²⁹ “Algunos se han negado a pagar el último plazo y difundido la insidia de que la enseñanza de las escuelas Valle Miñor ya no era gratuita. Importa mucho deshacer este error y hacer comprender a todos que la matrícula establecida ha sido con el objeto, no sólo de uniformar a todos los alumnos, sino de facilitar la labor de fiscalización y simplificar la contabilidad, pues alumnos medianos y pudientes reciben bastante más que el valor de la matrícula, ya que a cambio de ella se les entrega: un delantal de dril, 9 pesetas; unos zuecos, 7; dos pares de alpargatas, 2,5; libros y útiles durante el curso, 15. Total 33, 50 pesetas”. Ver: UH-AVM: “manifiesto al pueblo del Valle Miñor”. *Boletín* nº 160, xaneiro de 1923, p. 7.

propios pais fronte ao sacrificio que implicaba o proxecto: “El número de asociados en el valle es verdaderamente vergonzoso y el concurso personal de los miñoranos tan escaso, que sólo la conciencia clara del nobilísimo fin que realizan y el acendrado amor a la patria puede animar a nuestros hermanos en América a proseguir obra de tan intenso interés para el Valle y para España”³⁰. Segundo se indica a través do *Boletín*, a UHAVM contaba con más de mil miñoranos como socios en 1924³¹, e tiña investido ata 1923 máis dun millón de pesetas nas escolas do Val, unha obra “exenta de toda clase de egoísmos políticos, religiosos o personales, respetuosa con todas las ideas y todas las creencias y atenta só a procurar el bien y la felicidad de la juventud”³².

As dificultades seguen, malia a solvencia da Institución e os desexos de progreso que lle dedica o xeneral Primo de Rivera. O dictador achegárase a Baiona desde o balneario de Mondariz no verán de 1929, onde pasaba uns días de vacacións, para impoñerlle a placa do Mérito Civil ao alcalde José Rodríguez de Vicente. Ao regreso a Mondariz detívose en Gondomar, onde foi recibido polo presidente da Institución Laureano Lemos, o Administrador Eulogio Pino, varios membros do Consello directivo e outras autoridades:

La visita a las escuelas Hispano-Argentinas de Valle Miñor me da una sensación de la cultura y sensibilidad que los españoles atesoran en América, más valiosa que el oro con que pueden enriquecer nuestra economía. Es un fenómeno que vengo contrastando en mis viajes a estas tierras, donde los indianos derraman el tesoro de su espiritualidad. ¡Que este grupo que hoy visito, gloria y satisfacción de quienes lo fundaron y lo dirigen, progrese en una medida que sea justa recompensa para tan buenos ciudadanos!³³

En 1930, a Comisión Directiva encabezada polo presidente Manuel Lemos promove unha campaña económica denominada ‘Pro Vida Propia’, para reunir “la suma de pesos 50.000 que, juntamente con los fondos disponibles aseguren la existencia definitiva de las escuelas que sostiene”³⁴. En 1934, a UHAVM acumulaba un déficit contable por valor de 8.700 pesos³⁵, deixando patente unha delicada situación que incluso puña en perigo a pervivencia da entidade en América. O alto custo do proxecto miñorano, agravado en parte pola non sempre acertada xestión das escolas, provoca a destitución da Comisión Directiva, pasando a contratar un administrador.

A situación prolóngase nesas circunstancias ata que a Guerra Civil, a partir de 1936, impón serias dificultades para que os emigrados envíen as necesarias remesas. Chegou entón a clausura da “Escuela Americana”. Pero as escolas reabren as súas aulas algúns anos depois como academia particular, grazas a que varios mestres utilizaban as instalacións para preparar aos rapaces nos exames libres de Bacharelato. Alí daban clases José

³⁰ *Ibidem*.

³¹ “La Unión Hispano Americana Valle Miñor. XIX aniversario de su fundación”. *Boletín* nº 172, xaneiro de 1924, p. 4.

³² UH-AVM: “manifiesto al pueblo del Valle Miñor”. *Boletín* nº 160, xaneiro de 1923, p. 6.

³³ “Las escuelas miñoranas son elogiadas por Primo de Rivera”. *Boletín* nº 239, agosto de 1929, p. 8.

³⁴ “Una carta para los amantes de la cultura y de la confraternidad Hispano Americana”. *Boletín* nº 253, outubro de 1930, p. 7.

³⁵ “Reuniones de C. Directiva”. *Boletín* nº 296, maio de 1934, p. 6.

Osorio, a súa dona Dolores, mestres represaliados e inhabilitados polo réxime de Franco, xunto a outros dous profesores, chamados Otilia e Salvador³⁶.

Organización escolar e currículo

A organización da Escola Americana era un labor no que se intentaba repartir as diferentes responsabilidades: “la redacción del plan del establecimiento con las materias de enseñanza, extensión, tiempo, etc., es un trabajo serio y meditado que corresponde al Inspector Técnico, de acuerdo con el director”³⁷. Este, pola súa parte, representaba ao Centro diante dos pais dos alumnos, velaba polo cumprimento do horario e do plan de ensino baixo o control do inspector, e procuraba que se acadara o obxectivo especial de cada clase; que se observase a gradación da instrucción así como do ascenso dos nenos ao curso inmediato, conforme ás calificacións dos profesores³⁸. Os distintos profesores asumían a marcha das clases dos diferentes graos.

Graduación do ensino

Eladio Ferreiro era partidario de homoxeneizar os grupos de alumnos mediante a súa graduación. Isto permitía unha atención casi individual e facilitaba o labor do mestre, que así podía dictar a todos, con meirande proveito, similares leccións, practicar os mesmos exercicios e estar suxeitos a unha disciplina común. Malia as súas vantaxes, este confesaba algunas dificultades á hora de aplicalo nas aulas miñoranas “pues dado el excesivo número de alumnos matriculados, ha sido preciso asignar a cada grado tres secciones, casi las mismas que en las escuelas unitarias”³⁹.

A Escola Americana organizaba o ensino en 4 graos: Primeiro, inferior ou elemental, Segundo ou medio, Terceiro ou superior e Cuarto ou de Ampliación. Esta división establecía dúas seccións en cada grao, dentro dun sistema de ensino cílico, “de modo que desde el primer grado, el niño comprende el conjunto de las asignaturas, variando en cada grado y sección, únicamente la extensión de la asignatura”⁴⁰.

No Primeiro Grao, o alumnado adquiría os rudimentos más simples para poder avanzar cara os seguintes graos. En palabras de Ferreiro, “se pone al niño en posesión de dos elementos esenciales del estudio, la lectura y la escritura, enseñándoles en forma familiar y con ejemplos concretos, las nociones elementales de cada orden de estudios”⁴¹. Tamén se insistía nos contidos sobre hixiene, con leccións de aseo e limpeza, desde o plano físico e tamén cívico⁴². O Segundo Grao abordaba as materias vertebrais do programa xeral,

³⁶ GONZÁLEZ PÉREZ, J.: “¡Nós tamén estivemos nas Escolas Proval! As Escolas Proval nos anos 50 a través do testemuño dos seus alumnos e alumnas”. *REM. Revista de Estudios Miñoranos*, nº 2, 2002, p. 70.

³⁷ “las escuelas de la Unión Hispano-Americana valle Miñor”. *Boletín* nº 213, p. 9.

³⁸ *Ibidem*.

³⁹ FERREIRO, E.: “De la escuela Val Miñor. Extracto de la memoria elevada por el Director de la Escuela don Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 29, febreiro de 1912, p. 6.

⁴⁰ “Informe anual del Director de la ‘Escuela Americana’, D. Eladio Ferreiro, correspondiendo al año escolar de 1913”. *Boletín* nº 52, xaneiro de 1914, p. 4.

⁴¹ FERREIRO, E.: “De la escuela Val Miñor. Extracto de la memoria elevada por el Director de la Escuela don Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 29, febreiro de 1912, p. 7.

⁴² “Una lección de higiene en el 1er. Grado de las Escuelas H. A.”. *Boletín* nº 65, febreiro de 1915, p. 8.

necesarias para desenvolverse no seu medio, ou en palabras de Ferreiro “indispensables para que el hombre pueda convivir con sus semejantes”⁴³. Estas eran a Lingua materna, Moral, Xeometría, Aritmética, Xeografía, Dereito e Instrucción cívica⁴⁴.

Pola súa parte, o Terceiro Grao contemplaba un desenvolvemento complementario aos coñecementos adquiridos no grao medio, estudiándose as mesmas materias más extensamente tratadas⁴⁵. Por último, no Cuarto Grao, ademais de profundizar nos graos anteriores, incorpóranse outros novos, chamados especiais, “por dar con ellos al alumno una preparación conforme con la profesión a que piensa dedicarse o preparación al ingreso en estudios superiores o universitarios”⁴⁶ como a Historia de España, Ciencias Fisico-naturais, Matemáticas; Xeografía e Historia arxentinas e Comercio.

A materia de Xeografía e Historia arxentinas encadrábase dentro da función posibilista que pretendía asumir a Escola Americana. Era preciso que, si os alumnos emigraban, coñecieran *a priori* os rasgos más salientables da sociedade na que tiñan que insertarse. A escola habilitou unha aula especial para impartir esta materia. Por outro lado, os alumnos que ingresaban durante o curso, eran destinados ao grao que lle correspondía mediante un sinxelo exame feito polo director⁴⁷. A partir de 1912,implántanse clases extraordinarias de lingua francesa, agricultura, debuxo e música⁴⁸.

Con respecto ao tratamiento dos contidos relixiosos, Eladio Ferreiro sinala a necesidade de buscar un punto de encontro “que sin romper por completo los antiguos moldes, vayamos generalizando ‘la escuela moderna, la escuela social’, como dice el gran educacionista Ares de Parga, neutra, exenta de toda clase de dogmatismos, luchas, enconos, apasionamientos sociales o religiosos y de todo lo que divide a los hombres. La escuela de los pueblos verdaderamente libres y progresistas”⁴⁹.

Asimesmo, as ensinanzas agrícolas tiñan o seu propio espacio no *Boletín*, comezando a divulgarse mediante a chamada “Sección de Agricultura”. Esta iníciase no número 6, en marzo de 1910 ”esperando hacer cosa grata a nuestros paisanos, y útil a aquellos de nuestros jóvenes miñoranos que aspiran a ser futuros agrónomos, aprovechando los beneficios de los sistemas modernos adoptados por los países eminentemente agrícolas, como los Estados Unidos del Norte, el Canadá, la Australia, la Argentina, etc.”⁵⁰.

As ensinanzas agrícolas teñen lugar desde o inicio das escolas, pero o Campo de Experimentación Agrícola oficial chega a ser unha realidade a comezos de 1914, cando o Ministerio de Agricultura aproba unha subvención anual para realizar ensaios e prácticas escolares. A partir dese momento seguirá a consolidarse dentro do currículo, chegando a

⁴³ FERREIRO, E.: Op. Cit., febreiro de 1912, p. 7.

⁴⁴ *Ibidem*.

⁴⁵ *Ibidem*.

⁴⁶ *Ibidem*.

⁴⁷ *Ibidem*.

⁴⁸ *Ibidem*.

⁴⁹ “Informe a la CD del Director de la ‘Escuela Americana’, D. Eladio Ferreiro, correspondiente al año escolar de 1913. *Boletín* nº 60, setembro de 1914, p. 11.

⁵⁰ “Sección de agricultura”, *Boletín* nº 6, marzo de 1910, p. 3.

contar con profesorado especializado, e unha extraordinaria dotación, entre apeiros, ferramentas e diverso material. Asimesmo, amplía os seus contidos cara a outras especialidades, sendo obxecto de numerosas doazóns, como a que en 1923 efectúa o socio Manuel Alonso, contribuíndo con “una incubadora y un colmenar, a objeto de que también se enseñe a los alumnos la moderna forma de fomentar el desarrollo de la avicultura y apicultura”⁵¹.

Con respecto á educación física, Eladio Ferreiro consideraba que era inseparable do exercicio intelectual, por iso cumpría aproveitar a necesidade fisiolóxica e a inclinación lúdica dos cátivos para desenvolver o corpo, os sentidos, as facultades intelectuais amo-sando sinxelamente as súas ideas, o seu carácter, as súas inclinacións, os seus instintos e sentimentos; “guiando cuidadosamente estos juegos de modo que sirvan de medio al desenvolvimiento de su vigor físico, haciéndoles ejercitar libre y espontáneamente su actividad, para que los ejecuten con satisfacción, dirigiéndose ellos mismos a lo que sea útil a su desenvolvimiento”⁵², evitando así intervenir directamente, de modo que contribúan acertadamente ao desenvolvemento do corpo, da intelixencia e da vontade⁵³.

Os principios metodolóxicos inspirados por Ignacio Ares de Parga

O currículo da Escola Americana viña arroupado pola impronta pedagógica de Ignacio Ares de Parga, que ía transmitindo a Eladio Ferreiro a través de oportunas orientacións. No seu conxunto, conformaban a esencia de filosofía institucionista, interpretada desde a súa experiencia docente na escola arxentina. Os planteamentos metodolóxicos de Parga fundamentábase en cinco puntos:

O primeiro, identificaba a educación como un instrumento de rexeneración social. Para Ares de Parga, e en xeral para o institucionismo, o sistema educativo tiña que asumir de xeito improporrogable “menester inexcusable y urgente”⁵⁴ un proceso rexenerador que fora capaz de emprender un cambio estructural na sociedade. A función social da escola, convertida como el mesmo indica no “gran laboratorio” da reforma nacional, consistía en transformar “no sólo el alma de mañana, sino el espíritu mismo del momento actual”⁵⁵, porque “¿A qué obra más digna y remuneradora debe prestar atención la sociedad, cuando se trata de afirmar sobre bases sólidas su existencia actual, definiendo el futuro? Sea, pues, ella, la directamente encargada de dar satisfacción a sus propios anhelos distribuyendo a manos llenas la regeneradora cultura”⁵⁶.

O segundo, encargaba á educación o labor de desenvolver no individuo unha conciencia ética de carácter individual. Unha conciencia que se forma estimulando o uso da razón fronte ao que el denomina “idealismo educacional”, identificado coa práctica docente tradicional, formada e sostida por unha conciencia “a base de dogmas y futilezas anacrónicas,

⁵¹ “Información Oficial”. *Boletín* nº 163, abril de 1923, p. 8.

⁵² “Informe a la CD del Director de la ‘Escuela Americana, D. Eladio Ferreiro, correspondiente al año escolar de 1913, p. 14”. *Boletín* nº 59, agosto de 1914, p. 15.

⁵³ *Ibidem*

⁵⁴ ARES DE PARCA, I.: “Cuestiones galaico-educacionales”. *Nova Galicia*, nº 472, 2/10/1915.

⁵⁵ IDEM: *La Escuela Argentina. Puntos de vista educacionales*. Buenos Aires, 1912, p. 12.

⁵⁶ IDEM: “*La función social de la escuela*”. *Boletín* nº 30, marzo de 1912, p. 4.

[que] subsiste y persiste donde todavía no se ha reemplazado la férulea y el dictado del magister por la libertad racional, el estudio de la Naturaleza, el culto a la verdad, al bien, al trabajo, a la justicia y a la espontánea y natural manifestación del pensamiento”⁵⁷.

En terceiro lugar, o respecto á libre conciencia individual esixe a neutralidade relixiosa da educación, sen que implique un compromiso explícito co laicismo. Ares de Parga posicionábase na beira do laicismo pero, evitando caer en posturas dogmáticas extremas, era partidario do que el denominaba escola *laica neutral*: unha escola universal, harmónica, sen prejuízos, sen dogmas nin espíritu de secta⁵⁸; onde se practica “absoluta libertad de conciencia y respeto a todas las creencias religiosas. La escuela profesa la religión del honor, de la libertad, de la justicia y rinde culto al sentimiento patriótico”⁵⁹. Un modelo que ten a súa correspondencia na escola social, exenta de toda caste de dogmatismos, loitas, animadversións, apaixoalementos ‘políticos, sociais ou relixiosos’ e de todo o que divide os homes. Era “la escuela de los pueblos verdaderamente libres y progresistas”⁶⁰.

O cuarto principio dictaba que no fin de toda pedagogía debe primar a *educación frontal á instrucción*. Deben substituirse os procedementos dogmáticos polo sistema de exercicios intuitivos, “rompiendo aquellas enormes masas de alumnos por necesidad constreñidas a oír pasivamente una lección” para entrar en contacto directo coa Naturaleza; e salienta a súa orientación ‘aristotélica’, onde a quenda do profesor se alterna activamente coa dos alumnos, formando “un círculo poco numeroso de escolares activos, que piensan, que hablan, que discuten, que se mueven, que están vivos, en suma, y cuya fantasía se ennoblece con la idea de una colaboración en la obra del maestro”⁶¹.

Por último, a educación debe ser integral, continua e sen fisuras. Para o pedagogo ourensán, a educación é a responsable de modelar o individuo nunha triple dimensión que abrangue o individual, o social e o universal. Comezando polo plano individual, cumpría implantar un modelo “que tienda naturalmente a enseñar al individuo a gobernarse por si mismo, a despertar en su corazón sentimientos de solidaridad y de justicia, a rendir culto al cumplimiento del deber y a tener plena conciencia de la responsabilidad de sus actos”⁶². Segundo coa dimensión social, era preciso educar ao neno de maneira que “no sea extraño a la cultura de su época y de la sociedad en que vive”⁶³, e para iso era necesario que a escola non dera as costas ao que acontecía na rúa. Por último, atendendo á dimensión universal, tratábase de “no quebrantar las leyes naturales de unidad, variedad y progreso, dentro de los tres fines más generales de la vida: física, moral e intelectual”⁶⁴. Ares de Parga sintetiza no seguinte parágrafo o seu concepto de educación integral:

⁵⁷ IDEM: *Op. Cit.*, 1912, p. 11.

⁵⁸ IDEM: “La escuela neutra”. *Boletín* nº 42, marzo de 1913, p. 3.

⁵⁹ IDEM: *Op. Cit.*, 1912, p. 115.

⁶⁰ *Ibid.*, p. 14.

⁶¹ *Ibid.*, 2-3.

⁶² IDEM: *Op. Cit.*, febreiro de 1914, p. 4.

⁶³ A cursiva é do autor.

⁶⁴ ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, pp. 33-34.

Desarrollo de las facultades morales tendiendo a formar el carácter personal y colectivo; educación física y metódica, para regularizar las funciones, para desarrollar y vigorizar los músculos, para hacer el hombre fuerte y sano; cultura intelectual, gradual e intensiva.⁶⁵

Planificación da actividade lectiva

Desde o curso 1914-1915, cada profesor prepara as clases reflectindo no seu diario, de xeito sintético, a lección diaria: os exercicios que vai practicar, exemplos cos que vai ilustrar aos alumnos, “recitaciones, dictados, lecciones morales, máximas y trozos de prosa, verso, etc., de los hombres más eminentes en las ciencias, en las artes, en las letras y en fin, todo quanto pueda considerar aprovechable para la educación moral de sus educandos”⁶⁶. Ese diario, que se atopa a disposición do Consello ou da Inspección Técnica será, en opinión de Ferreiro, xuntamente co nivel de instrucción acadado polos alumnos, a meirande proba do labor educacional e aptitude pedagóxica de cada mestre⁶⁷. E a ese efecto, o profesorado mantiña reunións periódicas na Biblioteca do Centro, para preparar experiencias e traballos prácticos. A asistencia a estas reunións era obrigatoria, “computándoseles cualquier falta en este sentido como abandono”⁶⁸. Deste xeito, engadía Ferreiro, todos os mestres contarán con incentivo e lograrán “trabajar con afición, con gusto, dando a sus explicacións novedad y atractivo”⁶⁹.

Do mesmo xeito, con carácter anual elabórase un plan de traballo conforme ás necesidades de cada grao e de cada sección, trazando os límites e extensión das materias correspondentes. Dentro de cada asignatura, o mestre debe someterse á organización regrada, contando con certa marxe para plasmar a súa iniciativa; Ferreiro estimaba que “el maestro procede como un artista, con entera libertad, en la escultura de la estatuaría viva de la inteligencia humana”⁷⁰.

Calendario e horario

A Escola Americana desenvolvía un calendario similar ao das escolas oficiais, con vacacións de verán durante o mes de agosto, vacacións de Nadal, Antroido e Semana Santa. Pola súa parte, o horario escolar elaborábase equilibrando os tempos e a importancia de cada materia, “teniendo en cuenta los que regulan escuelas de Alemania y Francia y los hasta ahora dictados por la comisión directiva”⁷¹ con especial influenza da escola arxentina.

⁶⁵ *Ibid.*, p. 115.

⁶⁶ “Nota del Director de la Escuela ‘Hispano-Americana, D. Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 61, outubro de 1914, p. 2.

⁶⁷ *Ibidem*.

⁶⁸ *Ibidem*.

⁶⁹ “Nota del Director de la Escuela ‘Hispano-Americana, D. Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 61, outubro de 1914, p. 2.

⁷⁰ FERREIRO, E.: “Memoria del Director de la Escuela”. *Boletín* nº 30, marzo de 1912, p. 10.

⁷¹ “Distribución del tiempo y el trabajo en el grado de ampliación”. *Boletín* nº 63, decembro de 1914, p. 6.

Horario de mañá da “Escuela Americana”

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
Entrada	5	5	5	5	5	5
Lectura	40	-	40	-	40	-
Excritura-Ortografía	-	40	-	40	-	40
Natureza	35	-	35	-	35	-
Lingua	-	35	-	35	-	35
Xeografía	-	-	-	-	-	-
Descanso	15	15	15	15	15	15
Aritmética-Álgebra	50	-	50	50	-	50
Xeometría-Trigonom.	-	50	-	-	-	-
Debuxo	-	-	-	-	-	-
Instrucción Cívica	30	-	30	-	30	-
Historia Patria	-	30	-	30	-	30
Instrucción Moral	-	-	-	-	-	-
Saída	5	5	5	5	5	5

Fonte: Boletín da Unión Hispano-Americana Valle Miñor nº 63, decembro de 1914, p. 6.

Dedicábaise unha hora diaria ao estudio da lingua patria, ben por medio de lectura acompañada de explicacións orais, ou ben por leccións de gramática e ortografía, análise e recitados, exercicios de composición, etc.⁷²

Materias como a gramática, a aritmética e todos os exercicios que requerían meirande atención dábanse pola mañá, deixando as tardes para o resto das materias. A semana escolar incluía a xornada do sábado completa. As mañas dedicábanse a facer un repaso xeral das materias⁷³, e as tardes, en todos os graos, á instrucción moral en forma de conversas cos pequenos. Ademais, Ferreiro indica que durante a estación más favorable, é dicir, durante o inverno, programábanse clases nocturnas, “a las que concurren por término medio 60 alumnos jóvenes y pobres. Estas clases son también gratuitas”⁷⁴.

Horario de tarde da “Escuela Americana”

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
Entrada	5	5	5	5	5	5
Lectura	-	40	-	40	-	40
Excritura-Ortografía	40	-	40	-	40	-
Natureza	-	35	-	35	-	35
Lingua	-	-	-	-	-	-
Xeografía	35	-	35	-	35	-
Descanso	51	51	51	51	51	51
Aritmética-Álgebra	-	60	50	90	50	-
Xeometría-Trigonom.	-	-	-	-	-	-
Debuxo	60	-	-	-	-	60
Instrucción Cívica	-	20	-	20	-	-
Historia Patria	-	-	30	-	30	-
Instrucción Moral	20	-	-	-	-	20
Saída	5	5	5	5	5	5

Fonte: Boletín da Unión Hispano-Americana Valle Miñor nº 63, decembro de 1914, p. 6.

⁷²FERREIRO, E.: *Op. Cit.*, marzo de 1912, p. 10.

⁷³“Crónica escolar. Colaboración especial de los niños de las escuelas Americanas para el Boletín de la Institución que les sostiene. Curso de 1912 a 1913. Año de 1913-mes de marzo”. *Boletín* nº 42, febreiro de 1913, p. 7.

⁷⁴UH-AVM. *Boletín* nº 34, xullo de 1912, p. 1.

Material escolar

A sociedade resolveu, xa desde o inicio da Escola Americana, facilitar aos alumnos todo o equipamento necesario. O material didáctico de uso común era subministrado sen cargo pola Institución a todo o alumnado, mentres que o material de uso individual, como algúns libros de texto, caderños, utis de escritura, etc., só eran distribuidos gratuitamente entre os nenos máis humildes. O resto de alumnos podía mercar o material a precio de custo⁷⁵ na propia escola, pero aconsellábbase facelo en establecementos alleos á institución para evitar dar unha imaxe mercantilista, como así o indicaba Eladio Ferreiro: “Los cuadernos de escritos para niños pobres, deben estar a disposición del profesor para entregarlos cuando sea necesario. Los niños ricos deben comprarlos en un establecimiento, pues es de mal efecto que el maestro se convierta en comerciante”⁷⁶.

Persoa docente

A provisión de postos para profesorado realizábase mediante concurso público. O Consello Administrativo debía anunciar a praza con dos ou tres meses de antelación, dando ao anuncio a suficiente publicidade. Os aspirantes contaban con cincuenta días para cubrir as súas solicitudes, que o Consello examinaba con toda detención, “haciendo una relación o terna de los que mejores condiciones reunieran, por los servicios prestados a la enseñanza, carácter y moralidad”. Esta lista sería informada pola Inspección Técnica, que á súa vez comprobaría a veracidad dos méritos alegados polos candidatos. A entidade contrataba ao profesor elixido con carácter interino durante un ano, “al cabo del cual previo informe de la Dirección referente a su trabajo pedagógico, confianza inspirada al cuerpo docente, vocación, etc., la Comisión Directiva confirmaría en definitiva el nombramiento en propiedad; siendo desde este momento garantizada en absoluto su estabilidad”⁷⁷.

Para os responsables da Escola Americana, a calidade docente dos seus profesores debía manifestarse mediante unha clara vocación profesional, un temperamento activo, unha demostrada capacidade de iniciativa e autonomía, ademais de espírito de abnegación⁷⁸. E os únicos medios para conseguir esas cualidades eran, por un lado, a formación adquirida na Escola Normal; por outro, a designación dos mestres e profesores polo seu mérito exclusivamente -“Que los puestos se eleven por concurso riguroso, eliminando *ipso facto* a los recomendados”⁷⁹; por último, favorecer a estabilidade e mellora progresiva durante o servizo⁸⁰.

A cambio da súa capacitación persoal, a Institución -“Es su deseo que el personal de la escuela en el Valle sea el mejor y más preparado”-⁸¹ ofrecía aos profesores o debido recoñecemento profesional, e asignaba salarios acorde co seu *status* porque, en boa lóxi-

⁷⁵ UH-AVM. *Boletín* nº 8, maio de 1910, p. 2.

⁷⁶ “Informe anual del Director de la ‘Escuela Americana’, D. Eladio Ferreiro, correspondiente al año escolar de 1913”. *Boletín* nº 56, maio de 1914, p.11.

⁷⁷ “Nota del Director de la Escuela ‘Hispano-America’ D. Eladio Ferreiro”. *Boletín* nº 61, outubro de 1914, p. 2.

⁷⁸ DÍAZ, R.: “La escuela ideal”. *Boletín* nº 47, agosto de 1913, p. 3.

⁷⁹ UH-AVM. *Boletín* nº 4, xaneiro de 1910, p. 2.

⁸⁰ DÍAZ, R.: *Op. Cit.*, agosto de 1913, p. 3.

⁸¹ UH-AVM. *Boletín* nº 4, xaneiro de 1910, p. 3.

ca, o propio sistema non podía mellorar se antes non se incentivaba aos seus integrantes⁸²: “¿Acaso no es dignificante la importantísima misión del funcionario que tiene a su cargo la educación de la infancia, la formación del carácter de los futuros ciudadanos, que son el porvenir de la Patria?”⁸³.

O Consello rector da Escola Americana consideraba fundamental asegurarlle unha estabilidade laboral aos seus profesores, ademais de non sobrecargalos con traballo “pues si han de trabajar con entusiasmo bástales mucho 6 horas de clase” e defender o seu labor diante de cantas queixas poideran producirse “por la aplicación de su severa disciplina o por la rectitud de su energía de carácter”⁸⁴. Asimesmo, prohibíase “aceptar dádivas o regalos que pueden torcerlo en el cumplimiento de sus deberes”⁸⁵.

Inspección Técnica Escolar

A partir de 1914, a Escola Americana incorpora a figura do Inspector Técnico como elemento orientador do labor docente e de control do proceso de ensino-aprendizaxe. É unha das medidas más salientes, xunto coa asignación de salarios dignos entre os docentes. Contratouse a Wenceslao Requejo, profesor da Escola de Artes e Oficios de Vigo, quen periodicamente visitaba o centro tomndo nota en cada clase dos avances realizados polos alumnos nas diferentes materias. Por razóns de tipo económico, acórdase suprimir dito cargo ao finalizar o curso 1917-1918; sen embargo, este segue a exercer labores de inspección a partir desa data, a cambio dunha compensación económica simbólica⁸⁶.

Participación dos pais

A Sociedade tratou, desde o principio, de transmitir ás familias o significado pedagóxico da Escola Americana. As reunións cos pais celebrábanse con certa regularidade os domingos pola mañá, informándolles sobre a asistencia e puntualidade; o progreso e aproveitamento dos rapaces; o comportamento e hixiene, etc.; e ao tempo, como xa se apuntou, “la importancia y transcendencia de la educación y de la obra realizada por la Institución Hispano Americana, a la cual deben cooperar, mandando asiduamente a sus hijos a clase”⁸⁷.

Actividades extraescolares

Ademais das materias que aparecen no currículo, a Escola Americana organizaba unha serie de actividades paralelas, como festas, excursións, conferencias pedagógicas, ou celebración de veladas teatrais a cargo dos propios alumnos. Entre as festas salienta a inauguración solemne do curso escolar, acompañada da entrega de premios aos alumnos sobresaíntes do curso anterior, a comezos de setembro. Ademais do aniversario da

⁸² DÍAZ, R.: *Op. Cit.*, agosto de 1913, p. 3.

⁸³ “Dignificación del maestro”. *Boletín* nº 31, abril de 1912, p. 2.

⁸⁴ UH-AVM. “El profesorado”. *Boletín* nº 24, setembro de 1911, p. 10.

⁸⁵ *Ibidem*.

⁸⁶ “Acta n.º 120. Reunión de C. D.” *Boletín* nº 129, xuño de 1920, p. 8.

⁸⁷ “Crónica escolar del mes de febrero por los alumnos de Ampliación de las escuelas Americanas”. *Boletín* nº 44, maio de 1913, p. 21.

fundación da Sociedade, cada 5 de xaneiro⁸⁸, ou o aniversario da independencia arxentina, o 25 de maio. Outras celebracións salientables eran a Festa da Árbore cada primavera e a do 12 de Outubro, denominada “Festa da Raza”.

Con respecto ás excursións, a orientación do ensino funcional explica a importancia das saídas escolares. Para Ferreiro, cando os nenos saen ao campo, atopan ao seu arredor exemplos viventes das leccións que se imparten na clase. Convén pois que os aproveiten. Por iso, as excursións non debían limitarse exclusivamente ao exercicio físico, senón que o profesor debía conducir ao alumno a recolectar a planta, a flor ou a pedra, base de disertacións futuras, nas que se debía alimentar a capacidade investigadora do rapaz. Entre estas actividades, mestura de instrucción e recreo, salientan as excursións a Camos, ás illas Cíes, ao Monte de Sta. Tegra; a Oia, A Guarda, Tomiño Tui e Valença; a Pontevedra, O Grove e Illa da Toxa; a Santiago de Compostela, ou a Canido.

Outras actividades paralelas eran as conferencias destinadas aos pais de alumnos, e veciñanza en xeral. Como xa se apuntou, celebrábanse ás mañás dos domingos con dous obxectivos: informar aos pais sobre a marcha dos rapaces, e fomentar a cultura popular mediante a exposición de distintos temas a modo de conversas, en linguaxe e estilo asequibles, “huyendo siempre del pernicioso hábito de la declamación huera y de la retórica”⁸⁹. A programación de ciclos de conferencias periódicas parece habitual na programación de actividades extraescolares como as que, por exemplo, teñen lugar a finais de 1922 “para interesar a los padres en el problema trascendental de la educación de sus hijos”⁹⁰.

Por último, as funcións teatrais. Gozan de meirande aceptación, sobre todo, nos primeiros tempos. Así, no *Boletín* aparecen referencias a unha sesión celebrada para conmemorar o 5º Aniversario da fundación da Sociedade, na que un grupo de alumnos integrantes do teatro infantil, representan unha obra en verso e prosa orixinal do profesor Cándido del Río, vestido co traxe típico galego⁹¹. Outras referencias aluden ao ensaio das funcións “Martes de Carnaval”, “Las antipáticas del 2º” e “Amor al prójimo”, que habían de representarse no teatro de Baiona na Pascua de 1913, a beneficio da Institución⁹². Poucos meses despois ten lugar outra representación teatral na que toman parte os alumnos, esta vez a beneficio da Cantina escolar⁹³.

Ensinanzas profesionais

A UHAMV comeza a potenciar as ensinanzas profesionais no Centro de Nigrán debido a que, pouco a pouco, a demanda de ensino primario ía disminuíndo: “Alrededor de la nuestra, se han multiplicado las escuelas oficiales, con su competente personal al frente”⁹⁴.

⁸⁸ *Boletín* nº 42, febreiro de 1913, p. 5.

⁸⁹ FERREIRO, E.: *Op. Cit.*, agosto de 1911, p. 3.

⁹⁰ UH-AMV. *Boletín* nº 158, novembro de 1922, p. 2.

⁹¹ “Concurso al premio”. *Boletín* nº 10, xullo de 1910, p. 8.

⁹² “Crónica escolar. Colaboración especial de los niños de las escuelas Americanas para el Boletín de la Institución que les sostiene. Curso de 1912 a 1913. Año de 1913-mes de marzo”. *Boletín* nº 42, febreiro de 1913, p. 5.

⁹³ “Crónica escolar del mes de marzo por los alumnos de Ampliación de las Escuelas Americanas”. *Boletín* nº 45, xuño de 1913, p. 16.

⁹⁴ BASANTA, J.: “Escuelas de primeras letras o escuelas de artes y oficios?”. *Boletín* nº 162, marzo de 1923, pp. 5-6.

A función inicial que animou aos miñoranos emigrados debía tomar un novo rumbo, trasladando a outras ramas a experiencia do Campo de Experimentación Agrícola: “A medida que los medios lo permitan, hemos de introducir paulatinamente la enseñanza profesional y práctica, para lo que se hacen los estudios previos. Es una labor paciente que aspiramos a ver coronada por el éxito a la mayor brevedad”⁹⁵, aseguraba Ferreiro en 1918, porque “el progreso científico e industrial de un pueblo se asienta en el grado de preparación técnica de sus habitantes”⁹⁶.

A partir de 1921, comezan a impartirse durante as tardes dos xoves e os sábados, con clases de tres horas. Inicianse cun obradoiro de imprenta e outro de zapatería⁹⁷. Logo que o alumnado adquire experiencia suficiente, “calculando el costo del papel, tinta, regente y material, la utilidad que resulte entre el costo y el precio que se cobre se dividirá en dos partes, una para el fondo de la escuela y la otra para el fondo común de los alumnos tipógrafos”⁹⁸. Este fondo distribuíase periodicamente, considerando o nivel de traballo e a asistencia a clases⁹⁹.

En xuño de 1921 confeccionábase un *Boletín* “en el que se pueden apreciar los adelantos que hacen los alumnos que en nuestras escuelas se educan”¹⁰⁰. A súa tirada acadou os 3.000 exemplares, vendéndose no Val a 30 céntimos cada exemplar¹⁰¹. En 1922 o Obradoiro confeccionaba e imprimía os diplomas que se entregaban aos alumnos premiados, “y en los que figuran las clasificaciones obtenidas en los exámenes del pasado curso”¹⁰². En 1923, as clases no obradoiro de tipografía ampliárose aos luns, mércores e venres¹⁰³.

O obradoiro de zapatería funciona a partir de 1922. O seu traballo abastece as necesidades de calzado do Centro, pero “además se trabaja para fuera con objeto de ayudar en algo a su sostenimiento”¹⁰⁴. Na súa máquina *Singer* cortaban e cosían os delantais para os alumnos de ambos os sexos, así como o calzado dos varóns, “estimulando con una pequeña remuneración a los más adelantados cuando empiecen a producir algo”¹⁰⁵. En zapatería, as clases celebrábanse todos os días, ben de mañá ou tarde, cunha duración de tres horas¹⁰⁶, impartidas polo mestre Ventura, “una máquina de hacer calzado”¹⁰⁷. Por último, o Obradoiro electromecánico instalouse a comezo dos anos vinte, grazas a unha subvención da subcomisión uruguaya¹⁰⁸.

⁹⁵ “Memoria del ejercicio 1917-1918”. *Boletín* nº 107, agosto de 1918, p. 2.

⁹⁶ BASANTA, J.: *Op. Cit.*, marzo de 1923, pp. 5-6.

⁹⁷ “Una comunicación al Consejo”. *Boletín* nº 139, abril de 1921, p. 7.

⁹⁸ *Boletín* nº 139, abril de 1921, p. 13.

⁹⁹ *Ibidem*.

¹⁰⁰ “Taller de imprenta en nuestras escuelas”. *Boletín* nº 145, outubro de 1921, p. 4.

¹⁰¹ *Ibidem*.

¹⁰² *Boletín* nº 158, novembro de 1922, p. 2.

¹⁰³ “Crónicas escolares redactadas por los alumnos de nuestras escuelas”. *Boletín* nº 166, xullo de 1923, p. 12.

¹⁰⁴ *Ibidem*.

¹⁰⁵ *Boletín* nº 139, abril de 1921, p. 9.

¹⁰⁶ “Crónicas escolares redactadas por los alumnos de nuestras escuelas”. *Boletín* nº 166, xullo de 1923, p. 12.

¹⁰⁷ *Ibidem*.

¹⁰⁸ “Unión H. A. Valle Miñor. La Comisión Uruguaya”. *Correo de Galicia*, nº 683, 11 de maio de 1919, p. 1.

Educación de adultos

O programa de ensino estaba estreitamente vinculado á difusión da cultura entre os adultos, “que son las que han de dar a la escuela la vida y la consideración social necesarias para que ésta pueda realizar su vivificadora tarea de preparar, en nuevas generaciones, más dignos descendientes”¹⁰⁹. E debían funcionar como unha correa de transmisión entre xeracións de cidadáns. A educación de adultos, en especial a alfabetización era unha necesidade de que en Galicia, e sobre todo no medio rural, requiría unha atención urgente polo seu estado de abandono. Por outro lado, as clases para adultos eran o medio más próximo e asequible para que os que querían emigrar procuraran en tempo reducido os elementais rudimentos non adquiridos na infancia. Funcionaban desde novembro a marzo, cun horario nocturno, de 18 a 20 horas. En 1914 asistían máis de cincuenta alumnos¹¹⁰. En datas sinaladas convidábase a personalidades relevantes para dictar conferencias.

Educación da muller

A Escola de Nenas xurdía para completar o labor educativo iniciado en 1909, centrándose na educación das futuras mulleres miñoranas. A súa directora, Julia Solá, filla do director do semanario *Vida Gallega*, manifestaba o día da inauguración que si até ese momento a *Unión Hispano-Americana* tiña loitado pola igualdade dos rapaces do Val, “a costa de esta igualdad externa, se establecía una desigualdade interna, en el seno de esta gran familia” ao desatender a educación das nenas¹¹¹. Esta cuestión viña de ser corrixida implantando unha nova escola para formar “mujeres dignas del hogar que un día constituyan esos hombres a quienes mis dignos compañeros están dando una cultura que se separa de lo vulgar y que significa, para sí, para el Valle y para España, al joven miñorano”¹¹².

O programa de educación feminina iniciase no ano 1919. O seu plan de ensino constaba de “Aritmética, Castellano, Cocina, Corte y Confección, Dibujo, Escritura, Economía Doméstica, Geografía, Historia, Higiene, La Naturaleza, Lencería, Planchado, Puericultura, Primeros Auxilios”¹¹³, e indicaba unha clara orientación doméstica. Julia Solá manifestaba en 1920:

¡Higiene! Mágica palabra sobre el haz de todo el mundo. Yo la practico en mi escuelita, de donde acaso no saldrán niñas sabias, capaces de revolucionar el curso de la Historia, pero de donde deben salir niñas discretas que, sin ignorar lo que exigen a la mujer los tiempos, sepan regir su casa, ser maestra de sus hijos y llenar de alegría, sólo por la milagrosa virtud de la bondad, la sencilla vida del hogar.¹¹⁴

Máis adiante, en 1924, complétase con piano, solfeo ou canto aproveitando os coñecementos que sobre estas disciplinas achegaba a mestra Ángeles González Díaz¹¹⁵. As

¹⁰⁹ UH-AVM. *Boletín* nº 23, agosto de 1911, p. 1.

¹¹⁰ “El informe del Dr. Eleodoro Suárez”. *Boletín* nº 57, xuño de 1914, p. 7.

¹¹¹ “Acta núm. 113. Asamblea general Ordinaria”. *Boletín* nº 126-127, marzo-abril de 1920, p. 9.

¹¹² *Ibidem*.

¹¹³ “El programa para la escuela de Niñas”. *Boletín* nº 114, marzo de 1919, p. 8; *Boletín* nº 115, abril de 1920, p. 10.

¹¹⁴ “Acta núm. 113. Asamblea general Ordinaria”. *Boletín* nº 126-127, marzo-abril de 1920, p. 9.

¹¹⁵ *Ibidem*.

¹¹⁶ “El programa para la escuela de Niñas”. *Boletín* nº 114, marzo de 1919, p. 8; *Boletín* nº 115, abril de 1920, p. 10.

clases comezan no vello local da Ramallosa, para trasladarse máis tarde ao novo edificio construído no lugar de Baludio, onde malia integrarse físicamente, o alumnado feminino seguirá a desenvolver un programa diferenciado en aulas separadas.

Batallón escolar e Corpo de Exploradores

A formación do Batallón escolar, máis tarde transformado en Corpo de Exploradores, reflicte a influenza da escola arxentina como instrumento para afiuzar actitudes de orde, disciplina e respecto ás xerarquías entre os escolares, baixo o pretexto de ensalzar “la idea siempre grande, siempre hermosa de la Patria”¹¹⁶, ademais de fomentar o exercicio físico.

O profesor Javier Mendoza Feijoo, encargado do 1º grao, manifestaba que a formación de batallóns escolares introducía no neno o sentido da disciplina e respecto cara a superioridade. Ao mesmo tempo estimulaba o interese polo estudio, porque todos os ascensos prodúcense por méritos, aplicación e comportamento, tanto na parte militar como nas demáis asignaturas que forman o programa¹¹⁷.

O Batallón Escolar, que participa en todos os actos escolares cos seus grupos de tambores e cornetas, acaba transformándose no Grupo de Exploradores, ou *Boy Scouts*, “más en consonancia con los modernos métodos pedagógicos”¹¹⁸. Esta nova orientación abandonaba o espírito militar para potenciar entre o alumnado o sentido de investigación no medio mediante saídas e excursións, a educación na natureza e outros valores socializadores. Chegaron a tomar parte máis dun centenar de rapaces, “y los informes recientemente recibidos nos dicen que el cuerpo de exploradores de nuestra escuela está llamado a ser el mejor de Galicia y quizás de España”, aseguraba Eladio Ferreiro en 1919¹¹⁹.

Caixa de Aforros escolar

Chega a constituírse formalmente en 1928 en vista do gran número de imposicións que os alumnos realizaban cada fin de mes na Caixa Postal de Baiona. O estímulo ao aforro viña alimentándose ya desde os inicios da Escola Americana. Ferreiro Otero afirmaba no *Boletín* que, periodicamente, os profesores impartían charlas aos seus alumnos explicando as vantaxes deste hábito que, para os educadores da Institución era, ademais, unha virtude que debía estimularse. Deste xeito, a propia escola comezou a organizar as imposicións dos rapaces¹²⁰ tras a decisión tomada pola Comisión Directiva a finais de 1918. Cando o montante das imposicións cobrou unha certa importancia, decidiuse crear unha Caixa Escolar de Aforros, “con lo cual evitaremos las molestias y gastos que suponen los viajes que tenemos que hacer a Bayona”¹²¹. Ao finalizar o curso 1928-1929 a Caixa con-

¹¹⁶ SOLÁ COLLAZO, J.: “Pedagogía Vulgar. Higiene espiritual”. *Boletín* nº 133, outubro de 1920, p. 2.

¹¹⁷ “Escuelas UHA Valle Miñor. Nueva profesora”. *Boletín* nº 182, novembro de 1924, p. 15.

¹¹⁸ Miñorano. “Batallones escolares”. *Boletín* nº 25, outubro de 1911, p. 1.

¹¹⁹ MENDOZA, F. J.: “Batallones escolares”. *Boletín* nº 49, p. 13.

¹¹⁸ “Memoria”. *Boletín* nº 119, agosto de 1919, p. 4.

¹¹⁹ *Ibidem*.

¹²⁰ FERREIRO OTERO, E.: “Memoria del Director de la escuela (Continuación)”. *Boletín* nº 37, outubro de 1912, p. 11.

¹²¹ “Crónica escolar del mes de Octubre de 1928, por los alumnos del grado de ampliación”. *Boletín* nº 231, decembro de 1928, p. 9.

taba con 188 libretas por un valor de 4.582,96 pta.¹²².

Colaboración de profesores e alumnos no Boletín

O *Boletín* oficial da *Unión Hispano-Americana Valle Miñor* nace en outubro de 1909, e a súa administración ubícase no número 3845 da rúa Rivadavia. Comeza baixo a dirección de Luciano Rodríguez, ao que lle seguen en etapas sucesivas Ignacio Ares de Parga, Hipólito G. de Andoin e J. López Riesco. Nas súas páxinas, sobre temática variada, aparecen unha cantidade significativa de colaboracións entre as que podemos citar as memorias dos diferentes cursos elaboradas por Eladio Ferreiro, as colaboracións asinadas polo profesores e as abundantes colaboracións dos propios alumnos. Cómpre sinalar tamén os artigos publicados por Ares de Parga¹²³, ademais doutras moitas colaboracións de contido pedagóxico.

A modo de conclusión

A *Unión Hispano-Americana Valle Miñor* promove un ensino que segue o patrón arxentino, baixo as oportunas orientacións de Ignacio Ares de Parga adaptadas ao contexto miñorano. Grazas ao pedagogo ourensán, emigrado a Bos Aires a finais de XIX, a Escuela Americana adopta un modelo progresista na liña do krauso-institucionismo, un dos movementos pedagóxicos de maior prestixio en Europa e América naquel momento, pero cun certo rasgo diferenciador, de colexio privado de élite, que afirma a súa singularidade nos seguintes rasgos:

En primeiro lugar, a adopción dun modelo de educación neutral, que lle vai permitir a aceptación, cando non o apoio e mesmo a colaboración, das autoridades municipais e doutras institucións, como pon de manifesto unha nómina de ilustres -e non tanto- persoaxes que vai desde Labra, ou Altamira ata a Condesa de Pardo Bazán, Alfonso XIII, ou o xeneral Primo de Rivera.

En segundo lugar, a orientación posibilista do proxecto educativo. Isto é: a Sociedade miñorana acepta impartir unha formación orientada -incluso, en ocasións, estimulada- cara á emigración americana. Existen constantes alusións, tanto por parte da directiva bonaerense como do propio director Eladio Ferreiro. Outras opinións, tamén neste sentido, aparecen expresadas entre os colaboradores do *Boletín* escolar. Sen esquecer o feito de que a propia organización da escola, entre os premios que outorgaba aos alumnos más destacados, incluía viaxes pagados a América, se estes tomaban a decisión nos

¹²² *Boletín* nº 239, agosto de 1929, p. 5.

¹²³ “¿Cómo se obró el milagro?” (nº 26, 1/11/1911, pp. 4-5.), “Afirmando propósitos. Ecos de un Congreso pedagógico” (nº 28, 1/1/1912, p.2.), “La función social de la escuela” (nº 30, 1/3/1912, p. 4.), “Protección a la niñez” (nº 31, 1/4/1912, pp. 4-6.), “Difusión de cultura. La cooperación popular” (nº 33, 1/6/1912.), “Cultura pública. La cooperación popular”. (nº 36, 1/9/1912, p. 6), “Hacia la escuela neutra” (nº 39, 1/12/1912.), “La escuela neutra” (nº 42, 1/3/1913.), “La crónica escolar” (nº 46, 1/7/1913, p. 2.), “Un verano en Galicia” (nº 46, 1/7/1913, p. 11), “Inversión del laicismo” (nº 47, 1/8/1913, p. 5.), “La escuela argentina” (nº 49, 1/10/1913, pp. 2-3.), “Cooperación educacional. Disciplina escolar” (nº 53 1/2/1914,), “Informe a la C.D. Análisis de la nota del Sr. W. Reque” (nº 54, 1/3/1914, pp. 7-8), “Pro educación. La cooperación popular” (nº 58, 1/7/1914 p. 2.), “Paradoxal. La fiesta del árbol” (nº 61, 1/10/1914, p. 4), “Enseñanza industrial” (nº 62, 1/11/1914, pp. 7-8), “Institución Libre de Enseñanza” (nº 66, 1/3/1915, pp. 2-3), “Cuestións galaico-institutionales” (nº 74, 1/11/1915, pp. 4-5), “Congreso del niño” (nº 83, 1/8/1915, p. 2-3).

dous anos seguintes de recibir o premio. Probablemente foi o motivo polo que, desde o momento inicial e ata 1919, fose unicamente masculina, ou que chegara a crear unha Sección de Xeografía e Historia arxentinas.

En terceiro lugar, a disponibilidade efectiva de recursos. Isto permite desenvolver un proxecto de escolarización gratuita, no que todo resulta espectacular nun contexto rural inzado de privacións materiais. Dunha banda, a propia infraestructura: un soberbio edificio de nova planta, levantado en 1915 a imaxe das escolas arxentinas, enteiramente financiado pola entidade. Ademais, a dotación de instalacións e o seu equipamento -diferentes gabinetes e obradoiros, a biblioteca, a cantina escolar, a enfermería ou o campo de experimentación-. Por outro lado, unha organización escolar que permite graduar o ensino de xeito efectivo e desenvolver un cobizoso plan de estudos, así como realizar un variado programa de actividades, entre as formais e as complementarias. Por último, a contratación dun completo cadre docente, integrado por profesores cualificados e habilitados para desenvolver este proxecto, malia carecer de certa autonomía docente.

En cuarto lugar, a adopción dun modelo de organización vertical, no que a máxima responsabilidade recae sobre o Dirección do Centro, e a Inspección escolar pasa a un segundo plano, anexo á dita organización.

No seu conxunto, en fin, o labor educativo desenvolvido polos emigrados a través da Escola Americana do Val Miñor veu mellorar, tanto no aspecto cuantitativo como no cualitativo, o panorama escolar existente ata ese momento. Grazas á súa intervención levantouse un novo centro escolar, que veu ampliar a oferta oficial da comarca. Asimesmo, porque dita intervención permitiu importar novas formas de facer escola inspiradas no krauso-institucionismo e no modelo arxentino, descoñecidas nos contorno miñorano, elevando substancialmente o nivel que existía ata ese momento.

A súa presencia, durante máis de tres décadas, demostra a importancia que para o Val Miñor representou a acción escolarizadora da UHAVM, a pesar de que os desastrosos acontecementos derivados do golpe de estado de 1936, a Guerra Civil e a posterior instauración da dictadura franquista impediran a súa continua expansión como proxecto pedagóxico de vanguarda.